

4.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque vai ser un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

4.1.1 Evolución da poboación

O cadro 4.1. reflicte a evolución demográfica de Galicia, do conxunto do Estado e da Unión Europea desde o ano 2001. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

Cadro 4.1

Poboación de Galicia, España e UE ⁽¹⁾. 2001-2009

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.794.796
España	41.116.842	41.837.894	42.717.064	43.197.684	44.108.530	44.708.964	45.200.737	46.157.822	46.661.950
UE (27 estados)	483.781,0	484.614,8	486.617,3	488.757	491.023,3	492.975,20	495.090,20	497.659,80	499.777,80

(1) Datos da UE en miles de habitantes.

Son provisionais os datos de 2009 (para Galicia e España) e de 2008 e 2009 (para a UE). Datos a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: INE (para os datos de Galicia e España) e EUROSTAT (para os datos de UE-27)

■ A poboación galega creceu no último ano un 0,4% mentres que a poboación española subiu case o triplo (un 1,1%). A diferenza é moito menor que no ano anterior, porque a media española mantívose e a taxa porcentual de suba da poboación de Galicia dobrouse.

■ A suba acumulada da poboación galega desde o ano 2001 foi de 61.870 habitantes (un 2,26%) mentres que a española aumentou en valores absolutos neses oito anos en máis de cinco millóns de habitantes (5.545.108) e porcentualmente un 13'48%, polo que o seu ritmo de crecemento sextuplicou ao da poboación galega. O dinamismo demográfico español neste comezo do século XXI está moi por riba tamén do promedio da Unión Europea, que creceu un 3'3%, taxa máis próxima á da poboación galega que á da española nese período.

O peso relativo da poboación galega no total da Unión Europea permanece estancado no que vai de século XXI nun 0'56%, mentres que o total español aumentou ininterrompidamente nese período, no que pasou de representar un 8'5% a un 9'3% (suba de 0'8 puntos porcentuais, que supón unha taxa de crecemento do 9'8%).

A desagregación dos datos por comunidades autónomas pódese ver no cadro 4.2., do que salientaremos:

■ Cataluña, Madrid, Andalucía e a Comunidade Valenciana rexistraron os maiores aumentos de poboación (en valor absoluto) no último ano. Ningunha comunidade perdeu poboación e o menor aumento foi o de Extremadura (ademais das dúas cidades autónomas).

■ Por porcentaxe de variación, as maiores subas foron as de Melilla, Baleares e Castela - A Mancha, mentres que as menores tivéronas Castela-León, Extremadura e Galicia.

■ As catro comunidades de máis poboación (Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana, por esta orde) concentran actualmente case 27 millóns de habitantes, o que representa un 58% da poboación total española.

■ Galicia é a quinta comunidade polo seu tamaño poboacional, xusto por detrás da Comunidade Valenciana (aunque moi lonxe dela) e diante de Castela-León (moi preto).

Poboación ⁽¹⁾ por comunidades autónomas. 2008-2009

■ Cadro 4.2

	2009	2008	Variación absoluta	Variación relativa (%)
Andalucía	8.285.692	8.202.220	83.472	1,0
Aragón	1.342.926	1.326.918	16.008	1,2
Asturias	1.085.110	1.080.138	4.972	0,5
Baleares	1.094.972	1.072.844	22.128	2,1
Canarias	2.098.593	2.075.968	22.625	1,1
Cantabria	589.043	582.138	6.905	1,2
Castela e León	2.560.031	2.557.330	2.701	0,1
Castela A Mancha	2.079.401	2.043.100	36.301	1,8
Cataluña	7.467.423	7.364.078	103.345	1,4
C. Valenciana	5.080.502	5.029.601	54.901	1,1
Extremadura	1.100.000	1.097.744	2.256	0,2
Galicia	2.794.796	2.784.169	10.627	0,4
Madrid	6.360.241	6.271.638	88.603	1,4
Murcia	1.445.410	1.426.109	19.301	1,4
Navarra	629.569	620.377	9.192	1,5
País Vasco	2.171.243	2.157.112	14.131	0,7
A Ríoxa	321.025	317.501	3.524	1,1
Ceuta	78.591	77.389	1.202	1,6
Melilla	73.382	71.448	1.934	2,7
España	46.661.950	46.157.822	504.128	1,1

(1) As cifras están referidas a 1 de xaneiro de cada ano. Os datos de 2009 son provisionais
 Fonte: INE, Padrón Municipal de habitantes

A desagregación por provincias da evolución da poboación de Galicia de 2001 a 2009 reflíctese no cadro 4.3: baixou ano tras ano nas provincias de Lugo (agás en 2008) e Ourense, mentres que subiu todos os anos en A Coruña e Pontevedra. Un bo xeito de constatar a *Galicia das dúas velocidades* demográficas.

■ Cadro 4.3

Poboación por provincias. 2001-2009

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
A Coruña	1.108.002	1.111.886	1.120.814	1.121.344	1.126.707	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.144.796
Lugo	364.125	361.782	360.512	358.452	357.625	356.595	355.176	355.549	354.862
Ourense	344.623	343.768	342.213	340.258	339.555	338.671	336.926	336.099	335.573
Pontevedra	916.176	919.934	927.555	930.931	938.311	943.117	947.639	953.400	959.565
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.794.796

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano
 Datos de 2009, provisionais

A principal clave explicativa da fortísima suba da poboación en España na última década é o gran crecemento da poboación estranxeira; referirémonos a ela no seguinte epígrafe.

4.1.2.A poboación estranxeira

A importante chegada de poboación do estranxeiro está a ser un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e sobre todo da española) na alborada do século XXI, sen o que non é posible entender o importante aumento que se está a producir nos últimos anos na poboación española ou as subas da natalidade e do índice de fecundidade (lixeiros en Galicia e con maior intensidade no total español).

O cadro 4.4 explicita o aumento continuado da poboación estranxeira en Galicia nos últimos anos, de xeito que ao comezar o ano 2009 quintuplicou a de 1998. No último ano produciuse un aumento menor que no anterior:

■ Cadro 4.4

Poboación estranxeira en Galicia. 1998-2009

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
19.693	21.787	25.602	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	73.756	81.442	95.122	106.129

O dato de 2009 é provisional

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

No cadro 4.5 pódese ollar a desagregación por comunidades autónomas no último bienio. Sobrancearemos no tocante ao último ano que:

■ A poboación estranxeira que reside en Galicia supón un 3'8% da poboación total de Galicia, algo menos da terceira parte da porcentaxe estatal: 12%.

■ Cataluña, Andalucía e a Comunidade de Madrid son, por esta orde, as tres que rexistraron os maiores aumentos de poboación estranxeira (en valor absoluto); ningunha comunidade perdeu poboación e o menor aumento foi o de Extremadura (ademais das dúas cidades autónomas).

■ Por porcentaxe de variación, as maiores subas foron as de Melilla, Asturias e Cantabria, mentres que as menores tivéronas Extremadura e as comunidades de Madrid e Valencia.

■ As catro comunidades de máis poboación (Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana, por esta orde) concentran actualmente 3.778.288 persoas estranxeiras, o que representa un 67'5% da poboación total estranxeira que está empadroada en España.

■ Galicia, que é a quinta comunidade polo seu tamaño poboacional, pasa ao duodécimo lugar pola poboación estranxeira empadroada, tras Cataluña, Madrid, Valencia, Andalucía, Canarias, Baleares, Murcia, Castela- A Mancha, Aragón, Castela-León e País Vasco.

Poboación estranxeira. Por CC.AA. 2008-2009

■ Cadro 4.5

	2009		2008		Variación absoluta	Variación relativa %)
	Nº de persoas	% respecto ao total da comunidade	Nº de persoas	% respecto ao total da comunidade		
Baleares	237.359	21,7	223.036	20,8	14.323	6,4
C. Valenciana	882.870	17,4	847.339	16,8	35.531	4,2
Madrid	1.043.133	16,4	1.005.381	16,0	37.752	3,8
Murcia	235.134	16,3	225.625	15,8	9.509	4,2
Cataluña	1.184.192	15,9	1.103.790	15,0	80.402	7,3
A Ríoxa	46.416	14,5	43.856	13,8	2.560	5,8
Canarias	299.220	14,3	283.847	13,7	15.373	5,4
Aragón	170.295	12,7	154.892	11,7	15.403	9,9
Navarra	70.149	11,1	65.045	10,5	5.104	7,8
C. A Mancha	224.892	10,8	206.008	10,1	18.884	9,2
Melilla	7.572	10,3	6.472	9,1	1.100	17,0
Andalucía	668.093	8,1	623.279	7,6	44.814	7,2
C. León	166.032	6,5	154.802	6,1	11.230	7,3
Cantabria	38.024	6,5	33.242	5,7	4.782	14,4
País Vasco	132.189	6,1	117.337	5,4	14.852	12,7
Ceuta	3.491	4,4	3.124	4,0	367	11,7
Asturias	47.012	4,3	40.804	3,8	6.208	15,2
Galicia	106.129	3,8	95.568	3,4	10.561	11,1
Extremadura	36.486	3,3	35.315	3,2	1.174	3,3
España	5.598.691	12,0	5.268.762	11,4	329.929	6,3

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano
Os datos de 2009 son provisionais

No conxunto de Estado o número de persoas estranxeiras empadroadas subiu no ano 2008 en 329.929 persoas (un 6'3%) mentres que o número de persoas españolas creceu en 174.199 persoas (tan só un 0'4%). A metade do incremento dos foráneos pertencen á Unión Europea (164.154) e o total de persoas da UE-27 empadroados en España ascende agora a 2.266.808 persoas.

Poboación estranxeira. Por CCAA. 2003-2009

■ Cadro 4.6

	2003	2005	2007	2009
Andalucía	282.901	420.207	531.827	668.093
Aragón	61.896	96.848	124.404	170.295
Asturias	19.691	26.797	32.720	47.012
Baleares	126.505	156.270	190.170	237.359
Canarias	179.493	222.260	250.736	299.220
Cantabria	13.677	20.547	26.795	38.024
C. A Mancha	70.899	115.223	159.637	224.892
C. e León	59.440	91.318	119.781	166.032
Cataluña	543.088	798.904	972.507	1.184.192
C. Valenciana	413.760	581.985	732.102	882.870
Extremadura	17.885	25.341	29.210	36.489
Galicia	53.808	69.363	81.442	106.129
Madrid	589.215	780.752	866.910	1.043.133
Murcia	113.912	165.016	201.700	235.134
Navarra	38.741	49.882	55.921	70.149
País Vasco	49.231	72.894	98.524	132.189
A Rioxa	20.570	31.075	36.825	46.416
Ceuta	3.203	3.037	3.016	3.491
Melilla	6.333	2.891	5.327	7.572
España	2.664.168	3.730.610	4.519.554	5.598.691

Fonte: INE. Padrón Municipal
Os datos de 2009 son provisionais

O cadro 4.6 permítelle ás persoas interesadas realizar o seguimento da evolución da poboación estranxeira en cada unha das comunidades autónomas (e no total español) de 2003 a 2009. Sobrancearemos que o peso relativo de Galicia na poboación estranxeira do total de España é actualmente só un 1'90%, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano 2003 (2%) e tan só un terzo do noso peso relativo poboacional no conxunto estatal.

O estudo da poboación estranxeira empadroada en Galicia segundo a súa procedencia reflicte que, a día 1 de xaneiro de 2009, 43.028 persoas proceden de Sudamérica (un 40'6% do total de persoas estranxeiras que residen en Galicia) e 41.243 de estados europeos (un 38'9%); velaí concentradas oitenta de cada cen persoas estranxeiras residentes na nosa comunidade.

As dúas provincias máis desenvolvidas e máis poboadas son, obviamente, as que contan con máis poboación estranxeira: Pontevedra (39.431 persoas) e A Coruña (37.733) concentran un 73% da poboación estranxeira que reside en Galicia, evidenciando unha realidade económico-social coñecida dabondo e ben doada de constatar tamén a nivel estatal: as comunidades de maior xeración de riqueza son os verdadeiros polos de atracción da inmigración (sexa de persoas estranxeiras ou doutras comunidades do estado español).

4.1.3. Movementos naturais de poboación

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no último ano reflíctese no cadro 4.7; velaí algúns trazos:

Crecedemento natural. Nacementos e defuncións. Por CC.AA. 2007

■ Cadro 4.7

	Nacementos	Defuncións	Crecedemento vexetativo
Madrid	78.664	41.656	37.009
Andalucía	100.685	65.923	34.762
Cataluña	89.384	60.696	28.688
C. Valenciana	57.115	40.744	16.371
Murcia	19.407	10.431	8.976
Canarias	20.585	13.643	6.942
Baleares	12.639	7.924	4.715
Castela A Mancha	22.126	17.888	4.238
País Vasco	21.565	19.354	2.211
Navarra	7.078	5.364	1.714
Ceuta	1.505	464	1.041
Melilla	1.447	465	982
A Ríoxa	3.475	2.876	599
Estremadura	10.843	10.256	587
Aragón	13.673	13.293	380
Cantabria	5.760	5.619	141
Asturias	8.343	12.707	-4.364
C. e León	21.391	26.983	-5.592
Galicia	23.281	29.668	-6.387

Fonte: INE. "Movimiento natural de población". 2008

■ Galicia rexistrou no ano 2008 de novo o maior descenso absoluto (natural ou vexetativo) de poboación de todas as comunidades (desta volta, diminución de 6.387 habitantes) anque foi menos intensa que no ano anterior (no que o descenso fora de 8.318 persoas). No total estatal, pola contra, houbo en 2008 un crecedemento vexetativo de 133.013 habitantes.

■ O feito de que a diminución poboacional galega por motivos naturais fose menor en 2008 que no ano anterior explícase sobre todo pola suba dos nacementos (1.436 máis que no ano anterior) anque tamén botou unha man a diminución das defuncións (495 menos que en 2007).

■ As comunidades autónomas con maior crecedemento vexetativo en termos absolutos foron en 2008 Madrid, Andalucía e Cataluña (ao igual que no ano anterior). As que seguiron a Galicia en números vermellos foron Castela-León e Asturias; en

ningunha outra comunidade ou cidade autónoma houbo crecemento vexetativo negativo.

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia do último ano na andaina do último terzo de século conseguimos unha visión moi axeitada do comportamento a longo prazo. O cadro 4.8 amosa que podemos distinguir dous períodos moi diferenciados:

■ Cadro 4.8

Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-2008

	Nacementos	Defuncións	Crecedemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1980	39.154	24.681	14.473
1985	28.427	26.295	2.132
1990	22.501	27.979	-5.478
1995	18.799	28.464	-9.665
2000	19.418	28.858	-9.440
2006	21.469	29.375	-7.906
2007	21.845	30.163	-8.318
2008	23.281	29.668	-6.387

Fonte: IGE e INE (INE Base)

■ No primeiro (ata o segundo quinquenio do anos oitenta) o crecemento vexetativo da poboación galega descende continuamente pero é aínda positivo.

■ No segundo período sempre é negativo o saldo vexetativo: crecente até o segundo quinquenio dos anos noventa e practicamente estabilizado ao redor dos 8.000 habitantes por ano ata o ano 2007. En 2008 a diminución poboacional foi bastante menor (2.000 habitantes) que no ano anterior.

Os datos absolutos de nacementos e mortes que vimos de comentar cobran máis sentido (a efectos de comparanzas con outros territorios) cando se pasan a datos relativos, poñendo a proporción de nacementos ou mortes por cada mil habitantes dunha comunidade. Os datos do cadro 4.9 reflicten que:

Taxas de natalidade e mortalidade. Por CC.AA. 2008

■ Cadro 4.9

	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade
Madrid	12,59	6,67
Andalucía	12,42	8,13
Cataluña	12,29	8,35
C. Valenciana	11,54	8,23
Murcia	13,56	7,29
Canarias	9,99	6,62
Baleares	11,94	7,48
Castela A Mancha	11,05	8,94
País Vasco	10,08	9,05
Navarra	11,60	8,79
Ceuta	20,80	6,41
Melilla	20,87	6,71
A Ríoxa	11,07	9,17
Estremadura	10,04	9,50
Aragón	10,46	10,17
Cantabria	10,04	9,79
Asturias	7,88	12,00
C. e León	8,53	10,77
Galia	8,50	10,84
España	11,38	8,47

Fonte: INE. "Movimiento natural de población". 2008

■ A taxa de natalidade galega (8'5 por mil) segue a ser a penúltima do estado (por diante tan só da de Asturias, un ano máis) e está case tres puntos porcentuais por baixo do promedio español. As maiores taxas de natalidade tiverón as dúas cidades autónomas e a comunidade de Murcia.

■ A taxa de mortalidade galega (case 11 mortes por cada mil habitantes), en cambio, é das maiores de España (só superada en 2008 pola de Asturias, como en anos anteriores); en 2008 está 2'4 puntos por riba en Galicia que no promedio estatal.

■ A taxa de *crecemento natural* (ou vexetativo) medio español foi en 2008 de 2,9 persoas por cada mil habitantes, mentres que en Galicia ese indicador foi negativo nun 2'3 por mil. Sen dúbidas, o avellentamento da poboación galega pasa factura, especialmente nas dúas provincias orientais.

O cadro 4.10 certifica que o *crecemento natural* (ou vexetativo) dáse na actualidade propiamente tan só na provincia de Pontevedra, posto que nas outras tres hai un claro *decrecemento natural* da poboación, que está ao redor das 2.400 persoas en cada provincia.

Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Por provincias. 2008

■ Cadro 4.10

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Galicia	23.281	29.668	-6.387
A Coruña	9.866	12.232	-2.366
Lugo	2.207	4.641	-2.436
Ourense	2.163	4.517	-2.354
Pontevedra	9.045	8.278	767

Fonte: INE. Movimiento natural de poboación

No cadro 4.11 presentamos a desagregación por provincias das taxas de natalidade e mortalidade e a súa comparanza coa media estatal. Salientaremos que:

- As taxas de natalidade están por baixo da media estatal nas catro provincias galegas; Lugo e Ourense están respectivamente na penúltima e na antepenúltima posición no total de provincias de España (en último lugar está Zamora).
- As taxas de mortalidade están por riba da media estatal nas catro provincias galegas (aunque Pontevedra moi lixeiramente); Ourense e Lugo ocupan respectivamente a primeira e a segunda posición no total de provincias de España.
- Nas provincias de Lugo e Ourense as taxas de mortalidade duplican ás de natalidade. Só na de Pontevedra a taxa de natalidade supera á de mortalidade.

Tasas de natalidade e mortalidade España e provincias galegas. 2008

■ Cadro 4.11

	Natalidade	Mortalidade
España	11,38	8,47
A Coruña	8,79	10,90
Lugo	6,36	13,38
Ourense	6,59	13,77
Pontevedra	9,61	8,79

Datos en tanto por mil

Fonte: IGE, Movemento natural de poboación. 2008

No cadro 4.12 presentamos a desagregación nas provincias galegas das taxas de crecemento natural da poboación, así como a súa comparanza coa evolución media estatal de 1991 a 2008. Salientaremos que mentres practicamente se duplicou en España, empeorou en todas as provincias galegas menos a de Pontevedra.

**Crecemento natural por 1.000 habitantes.
España e provincias galegas.
Galicia. 1991-2008**

■ Cadro 4.12

	2008	2001	1991
Total Nacional	2,92	1,14	1,50
A Coruña	-2,11	-2,71	-1,71
Lugo	-7,02	-8,48	-6,16
Ourense	-7,17	-7,77	-5,36
Pontevedra	0,81	-0,33	0,41

Fonte: INE, Movemento natural de poboación

O estudo diacrónico do saldo vexetativo por cada 1.000 habitantes no último terzo de século (ver cadro 4.13) reflicte o maior dinamismo demográfico español que no conxunto da UE e, sobre todo, que en Galicia, que presenta un coeficiente negativo entre o dous e o catro por mil desde hai quince anos.

Saldo vexetativo ⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2008.

■ Cadro 4.13

	1975	1985	1995	2005	2006	2007	2008
UE 27	4,1	2,2	0,4	0,6	-	-	-
España	10,4	3,7	0,4	1,8	2,5	2,4	2,9
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,0	-2,9	-3,0	-2,3

(1) Nacementos menos defuncións

Fonte: INE ("indicadores demográficos básicos") e EUROSTAT

A evolución na última década do número medio de fillos en España presenta un avance ininterrompido dende o ano 1999, e ocupa actualmente unha posición intermedia na UE-27, cun valor de 1'46 en 2008. Cómpre lembrar, para avaliar axeitadamente esta evolución, que España ocupaba a segunda posición entre os Estados da UE-15 en 1976 (tras Irlanda) e dúas décadas despois estaba na última posición deses quince Estados. A media de fillos por muller en España desplomouse de 1976 a 1998 e medrou despois ininterrompidamente.

O estudo do número medio de fillos por muller en Galicia nos últimos anos reflicte que a tendencia é de lixeira suba: o índice galego moveuse nos primeiros anos do século XXI ao redor do valor 0,95, estabilizouse nun fillo por muller no cuatrienio 2003-2006 e subiu no último bienio, ata quedar en 1'12 (0'34 puntos porcentuais por baixo da media estatal). Está moi por baixo do índice de calquera dos estados da Unión Europea, é o penúltimo entre as comunidades autónomas (só Asturias está por baixo) e en dúas provincias (Lugo e Ourense) segue sen chegar a un fillo por muller.

A maior natalidade das mulleres estranxeiras é, indubidablemente, un dos factores clave que está detrás da suba dos últimos anos, especialmente no total español: ao redor de un por cada cinco nacementos do ano 2008 en España foron de nai estranxeira, Galicia quedouse na metade.

4.1.4 Movementos migratorios

Cuantitativamente os principais destinos dos desprazamentos poboacionais galegos nos últimos anos están a ser: outras poboacións de Galicia (72%), outras comunidades autónomas (25%) e o estranxeiro (3%). Os lugares de procedencia principais dos desprazamentos a poboacións de Galicia son tamén os internos, e os procedentes de fóra de Galicia están moi equilibrados entre as persoas que veñen do estranxeiro (51%) e as que veñen doutras comunidades autónomas (49%).

Pese ao importante peso cuantitativo das migracións internas galegas, adoita centrarse a análise fundamentalmente nas migracións externas (as que teñen por orixe ou destino poboacións de fóra de Galicia), que cualitativamente (por razóns culturais, de distancia, etc.) teñen unha significación ben distinta da anterior.

Os datos do cadro 4.14 reflicten o total de movementos migratorios das distintas comunidades autónomas en 2008. Destacaremos que:

■ O saldo migratorio total foi positivo un ano máis en Galicia (en 2008: 17.810 persoas, case dúas mil menos que en 2007), pero representou só un 3,9% do total español (459.549 persoas). Todas as comunidades e cidades autónomas presentaron saldo positivo.

■ Anque o saldo migratorio do conxunto estatal presentou en 2008 un saldo positivo de 459.549 persoas, quedouse moi por baixo do que tivera no ano anterior (731.201 persoas), ao abeiro do comezo dunha etapa de crise económica que, indubidablemente, reduce o “efecto chamada” no exterior.

Total inmigración, emigración e saldo migratorio. Por CC.AA. 2008

■ Cadro 4.14

	Inmigracións	Emigracións	Saldo total
España	2.369.219	1.909.670	459.549
Andalucía	318.748	255.504	63.244
Aragón	62.876	43.205	19.671
Asturias	39.882	30.786	9.096
Baleares	78.970	57.384	21.586
Canarias	120.459	97.167	23.292
Cantabria	30.797	24.226	6.571
C. e León	107.936	94.821	13.115
C. A Mancha	114.370	81.336	33.034
Cataluña	496.107	404.902	91.205
C. Valenciana	270.356	221.694	48.662
Extremadura	30.584	27.397	3.187
Galicia	104.917	87.107	17.810
Madrid	379.125	315.306	63.819
Murcia	68.067	51.528	16.539
Navarra	36.128	27.752	8.376
País Vasco	85.896	71.212	14.684
A Ríoxa	17.059	13.091	3.968
Ceuta	3.102	2.573	529
Melilla	3.840	2.679	1.161

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais.2008

O saldo migratorio de Galicia coas outras comunidades autónomas do Estado foi positivo en 2008 (a diferenza do que ocorreu no bienio anterior e máis en nove anos da pasada década), nun ano no que pesou moito a volta de persoas galegas que perderon o seu posto de traballo en outras comunidades autónomas (especialmente na construción, pola forte crise inmobiliaria) .

Movements migratorios intraestatais. Por CC.AA .2008
■ Cadro 4.15

	Immigracións	Emigracións	Saldo
España	1.643.210	1.643.210	0
Andalucía	230.741	230.297	444
Aragón	38.828	38.455	373
Asturias	30.417	28.461	1.956
Baleares	53.247	50.002	3.245
Canarias	84.959	91.118	-6.159
Cantabria	23.736	22.549	1.187
C. e León	83.393	88.241	-4.848
C. A Mancha	86.243	73.706	12.537
Cataluña	319.494	323.576	-4.082
C. Valenciana	189.809	190.579	-770
Extremadura	25.521	25.860	-339
Galicia	82.752	79.672	3.080
Madrid	243.968	254.341	-10.373
Murcia	44.071	43.932	139
Navarra	26.600	24.581	2.019
País Vasco	62.272	61.810	462
A Ríoxa	11.843	11.243	600
Ceuta	2.527	2.356	171
Melilla	2.789	2.431	358

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais.2008

O saldo migratorio de Galicia co estranxeiro (cadro 4.16) tivo, un ano máis, un saldo positivo, aunque menor en valor absoluto que en 2.007 (en que fora de 20.919 persoas). Representou só un 3,2% do total estatal (a metade do peso relativo de Galicia en España), o que reflicte a menor capacidade de atracción de inmigrantes na economía galega.

Movements migratorios extraestatais. Por CC.AA. 2008

■ Cadro 4.16

	Inmigración exterior	Emigración exterior	Saldo exterior
España	726.009	266.460	459.549
Andalucía	88.007	4.750	62.800
Aragón	24.048	7.382	19.298
Asturias	9.465	6.049	7.140
Baleares	25.723	1.677	18.341
Canarias	35.500	6.580	29.451
Cantabria	7.061	7.630	5.384
C. e León	24.543	81.326	17.963
C. A Mancha	28.127	7.630	20.497
Cataluña	176.613	81.326	95.287
C. Valenciana	80.547	31.115	49.432
Extremadura	5.063	1.537	3.526
Galicia	22.165	7.435	14.730
Madrid	135.157	60.965	74.192
Murcia	23.996	7.596	16.400
Navarra	9.528	3.171	6.357
País Vasco	23.624	9.402	14.222
A Ríoxa	5.216	1.848	3.368
Ceuta	575	217	358
Melilla	1.051	248	803

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais.2008

- O detalle provincial (recollido no cadro 4.17) reflicte que o saldo migratorio total foi positivo en 2008 nas catro provincias (especialmente nas de A Coruña e Pontevedra, que concentraron un 78,4% do total de Galicia).
- Tamén foi positivo en 2008 nas catro provincias o saldo dos movementos migratorios con orixe ou destino no estranxeiro (concentrando un 70% A Coruña e Pontevedra).
- Pola contra, nas migracións intraestatais foi positivo o saldo das provincia de A Coruña e Pontevedra, mentres que nas outras dúas provincias o saldo foi negativo.

■ Cadro 4.17

Movements migratorios extraestatais. Por CC.AA. 2008

	Inmigracións	Emigracións	Saldo total	Inmigración intraestatal	Emigración intraestatal	Saldo intraestatal	Inmigración extraestatal	Emigración extraestatal	Saldo extraestatal
A Coruña	45.607	37.948	7.659	36.794	34.461	2.333	8.813	3.487	5.326
Lugo	12.013	9.812	2.201	8.994	9.225	-231	3.019	587	2.432
Ourense	14.364	12.513	1.851	11.394	11.564	-170	2.970	949	2.021
Pontevedra	32.933	26.834	6.099	25.570	24.422	1.148	7.363	2.412	4.951

Fonte: INE. Estatística de Variacións Residenciais.2008

Ademais da visión estática dos cadros anteriores, cómpre unha visión dinámica que nos permita visualizar a evolución nos últimos anos dos movementos migratorios. O cadro 4.18 presenta os saldos migratorios intraestatais dende 2001. Salientaremos, no tocante ao saldo migratorio de Galicia co resto do Estado dende entón, que presenta signo negativo no período 2001-2007 (agás en 2005, cun lixeiro saldo positivo) e claramente positivo en 2008,

■ Cadro 4.18

Saldo migratorio entre CC.AA. 2001-2008

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Andalucía	-1.932	3.062	10.670	13.909	12.175	6.079	1.621	444
Aragón	-4	-1.218	-597	461	239	-492	511	373
Asturias	-2.127	-2.337	-839	-820	-696	-708	857	1.956
Baleares	8.376	5.542	-978	-1.335	1.360	3.712	4.333	3.245
Canarias	3.952	1.646	1.501	980	-127	-400	-2.182	-6.159
Cantabria	1.566	1.513	2.379	1.658	1.164	1.371	1.944	1.187
C. e León	3.420	8.977	12.410	12.232	14.618	17.802	-4.771	-4.848
C. A Mancha	-6.635	-5.234	-5.017	-4.457	-4.155	-2.395	14.242	12.537
Cataluña	1.458	1.549	1.017	-2.988	-9.776	-11.762	-10.641	-4.082
C. Valenciana	13.434	15.370	15.502	16.600	15.362	13.392	14.523	-770
Extremadura	-3.375	-3.009	-1.285	-390	-1.368	-203	-1.256	-339
Galicia	-4.229	-3.652	-3.627	-1.877	93	-1.438	-1.336	3.080
Madrid	-9.748	-18.108	-27.856	-33.331	-29.994	-23.542	-16.538	-10.373
Murcia	-620	833	191	3.558	5.395	2.541	-574	139
Navarra	458	136	-15	126	323	696	2.094	2.019
País Vasco	-3.866	-3.549	-2.922	-3.590	-3.707	-4.843	-3.809	462
A Ríoxa	814	248	977	1.003	42	604	1.146	600
Ceuta	-319	-814	-796	-1.024	-577	-221	-379	171
Melilla	-623	-955	-715	-715	-371	-193	215	358
España	0	0	0	0	0	0	0	0

Fonte: INE. *Estatística de variaciones residenciales*

A estrutura por idades do sector da emigración galega que non rebasou as fronteiras do estado reflicte que o grupo de idade maioritario segue a ser en 2008 o de 25 a 34 anos (25.020 persoas, un 31,4% do total); corresponde basicamente a unha poboación nova que se vai na busca de emprego a outras provincias (a *Estatística de variacións residenciais* do INE non permite diferenciar entre as galegas e as de outras comunidades autónomas, e o IGE non publicou aínda os datos de movementos migratorios de 2008 cando elaboramos este *Informe*).

A inmigración procedente do estranxeiro é a auténtica protagonista na última década dun cambio demográfico moi importante en España (e tamén en Galicia, aínda que de xeito máis contido). Cómpre ter en conta que ao redor dun 45% das persoas que viñeron a Galicia do estranxeiro nos últimos anos foron *emigrantes retornados*, o que confire unha clara peculiaridade á nosa “inmigración”.

Resulta lóxico que a inmigración de retorno sexa especialmente intensa en Galicia e noutras comunidades que no pasado perderon máis poboación debido á emigración. E, para interpretar axeitadamente os datos, cómpre subliñar que dentro dos retornados inclúense todos os cidadáns con nacionalidade española que volven; na súa

maioría naceron aquí, pero tamén se inclúen os seus fillos e máis as demais persoas ás que se lles recoñeceu a nacionalidade española.

A chegada a Galicia de persoas de nacionalidade estranxeira é un fenómeno demográfico en ascenso na última década, aínda que cun peso relativo menor que na media estatal. A composición por idades dos inmigrantes de nacionalidade estranxeira reflicte que os seus protagonistas son persoas moi novas en busca de oportunidades laborais: o grupo de idade máis numeroso é o de 25 a 34 anos, seguido do de 16 a 24 anos.

4.2. Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución no último cuadrenio en Galicia de distintas variables laborais, nas que logo afondaremos ao longo deste capítulo: as poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva.

- Os datos do cadro 4.19 explicitan que no ano 2008:
- A poboación activa galega subiu (coma todos os anos no período analizado) e fíxoo nun 1,8%, dúas décimas máis que no ano anterior.
- A poboación ocupada de Galicia creceu, pero fíxoo con menor intensidade que calquera dos outros anos analizados: en 2008 subiu un 0'05% (a quinta parte que en 2007) .
- O paro estimado pola EPA de Galicia medrou con forza (16'2%), en contraste coa diminución dos anos anteriores.
- A poboación inactiva descendeu por terceiro ano consecutivo; en 2008 nun 1'5% (medio punto porcentual máis que no ano anterior).

Poboación de alomenos 16 anos, por actividade económica. Galicia. 2004-2008

■ Cadro 4.19

	2004	2005	2006	2007	2008
Poboación activa	1.254,2	1.254,8	1.272,1	1.292,0	1.314,8
Poboación ocupada	1.083,6	1.130,0	1.164,2	1.193,4	1.200,1
Poboación parada	170,6	124,8	107,8	98,7	114,7
Poboación inactiva	1.103,2	1.111,0	1.100,6	1.088,9	1.072,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

A diferenciación por sexos dos datos do último bienio en Galicia figuran no cadro 4.20 e a súa análise máis a fondo farémola nos distintos epígrafes deste capítulo (poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva) e máis no capítulo 5 deste Informe Sociolaboral; salientaremos tan só aquí que, un ano máis, en 2008 as mulleres son maioría só nas poboacións inactiva e desempregada.

Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2007-2008

■ Cadro 4.20

	2007			2008		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Poboación activa	1.292,0	719,5	572,5	1.314,8	726,4	588,4
Poboación ocupada	1.193,4	678,3	515,0	1.200,1	672,7	527,4
Poboación parada	98,7	41,2	57,5	114,7	53,7	61,0
Poboación inactiva	1.088,9	417,3	671,6	1.072,8	414,1	658,7

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE

4.3 Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega, analizando a evolución no último trienio da poboación activa e da *taxa de actividade* (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de polo menos dezaseis anos) e a distribución por provincias e sexo.

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 4.21 reflicte que:

■ A suba porcentual da poboación activa de Galicia en 2007 quedou medio punto por baixo da media estatal; a maior suba tivérona Murcia, Andalucía e Castela - A Mancha, mentres que só diminuíu a poboación activa en Ceuta-Melilla.

■ A participación porcentual de Galicia na poboación activa de España en 2007 baixou unha décima, e quedou no 5,7%.

■ Cadro 4.21

Poboación activa por comunidades autónomas. 2006-2008

	Valores absolutos Miles			Distribución porcentual			Variacións anuais en %		
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 06	T IV 07	T IV 08
Andalucía	3.590,2	3.745,0	3.904,7	16,9	16,7	16,9	2,3	4,3	4,3
Aragón	619,4	649,5	664,5	2,9	2,9	2,9	2,7	4,9	2,3
Asturias	465,6	476,3	491,8	2,1	2,1	2,1	1,9	2,3	3,3
Baleares	523,8	544,0	564,1	2,4	2,4	2,4	6,0	3,9	3,7
Canarias	1.001,8	1.024,3	1.055,5	4,6	4,6	4,6	3,7	2,2	3,0
Cantabria	269,6	276,4	281,5	1,2	1,2	1,2	1,4	2,5	1,8
Castela e León	1.146,1	1.162,4	1.186,3	5,1	5,2	5,1	1,6	1,4	2,1
Castela A Mancha	888,0	925,4	965,5	4,2	4,1	4,2	3,0	4,2	4,3
Cataluña	3.699,1	3.799,1	3.854,8	16,7	17,0	16,7	2,8	2,7	1,5
C. Valenciana	2.395,4	2.472,3	2.569,8	11,1	11,0	11,1	4,6	3,2	3,9
Extremadura	467,0	480,9	483,3	2,1	2,1	2,1	2,8	3,0	0,5
Galicia	1.273,0	1.292,6	1.324,1	5,7	5,8	5,7	1,7	1,5	2,4
Madrid	3.241,5	3.283,1	3.402,2	14,8	14,7	3,1	5,1	1,3	3,6
Murcia	657,9	693,1	725,2	3,1	3,1	1,3	4,1	5,4	4,6
Navarra	301,3	303,5	309,0	1,3	1,4	4,6	0,7	0,7	1,8
País Vasco	1.065,4	1.059,3	1.063,9	4,6	4,7	0,7	1,6	,0,6	0,4
A Rioxa	154,7	157,7	160,1	0,7	0,7	0,3	0,7	1,9	1,5
Ceuta e Melilla	52,8	59,6	58,3	0,3	0,3	0,3	,9,9	12,9	,2,2
España	21.812,6	22.404,5	23.064,6	100	100	100	3,1	2,7	2,9

Fonte: Ine, EPA 4º trimestre de cada ano.
Cadro tomado de: *Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral*, nº 88, febreiro 2009.

No cadro 4.22 ofrecemos os datos da poboación activa das provincias galegas no último cuatrienio; subliñaremos só que:

■ En 2008 a poboación activa baixou na provincia de Ourense e subiu nas outras tres.

■ No período analizado só nas dúas provincias máis desenvolvidas economicamente (A Coruña e Pontevedra) creceu sempre a poboación activa. Concentran en 2008 un 77'3% da poboación activa total de Galicia.

Poboación activa. Por provincias. 2005-2008

■ Cadro 4.22

	2005	2006	2007	2008
A Coruña	520,3	538,6	539,3	551,3
Lugo	154,8	150,7	150,7	154,1
Ourense	138,3	141,2	147,0	144,5
Pontevedra	441,4	441,5	455,6	464,8

Datos en miles. Medias anuais. Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

O cadro 4.23 amosa que, cos valores do cuarto trimestre de 2008:

■ A taxa de actividade subiu en Galicia 1'2 puntos porcentuais (dúas décimas máis que a media de España); o diferencial quedou en 4,7 puntos porcentuais a prol do dato estatal.

■ As maiores taxas de actividade preséntanas, de novo, Madrid, Baleares e Cataluña; as menores foron as das comunidades autónomas de Asturias, Extremadura, Castela-León e Galicia (ademais das cidades autónomas).

Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 2006-2008

■ Cadro 4.23

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais en puntos porcentuais	
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 07	T IV 08
Andalucía	55,4	56,7	58,4	1,4	1,6
Aragón	57,1	58,9	59,6	1,9	0,7
Asturias	49,7	50,8	52,6	1,1	1,7
Baleares	62,7	63,1	63,8	0,5	0,6
Canarias	60,8	60,7	61,3	-0,1	0,6
Cantabria	55,6	56,4	56,9	0,8	0,6
C. A Mancha	55,4	56,3	57,3	0,9	1,1
C. León	53,4	53,8	47,8	0,4	0,9
Cataluña	62,4	62,8	63,3	0,4	0,5
C. Valenciana	60,2	60,5	61,6	0,3	1,1
Extremadura	52,2	53,4	53,5	1,2	0,1
Galicia	53,6	54,2	55,4	0,6	1,2
Madrid	64,4	63,9	65,1	-0,5	1,2
Murcia	59,2	60,6	61,9	1,3	1,3
Navarra	60,8	60,3	60,7	-0,5	0,3
País Vasco	58,4	57,8	58,2	-0,6	0,4
A Ríoxa	59,7	59,8	60,1	0,2	0,3
Ceuta e Melilla	49,6	54,9	53,1	6,0	-3,1
España	58,6	59,1	60,1	0,5	1,0

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral, nº 88, febreiro 2009.

A desagregación por sexos das taxas de actividade galega no último cuadrienio que figura no cadro 4.24 reflicte que, en medias anuais, nos homes subiu catro décimas en 2008, mentres que nas mulleres subiu con máis intensidade (en 1'2 puntos).

Como consecuencia desa evolución, no último ano pechouse en oito décimas o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, pero segue a ser moi alto (16,5 puntos a prol dos homes).

Taxa de actividade. Por sexo. Galicia 2005-2008

■ Cadro 4.24

	Total	Homes	Mulleres
2005	53,0	62,6	44,3
2006	53,6	62,2	45,8
2007	54,2	63,3	46,0
2008	55,1	63,7	47,2

Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE

A diferenza por sexos das taxas de actividade no último bienio en cada unha das provincias figura no cadro 4.25, no que subliñaremos que:

■ A taxa de actividade global subiu en 2008 nas catro provincias (moi lixeiramente nas meridionais).

■ A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia subliña que en 2008 a feminina tivo un comportamento semellante ao da taxa global (subiu tamén nas catro provincias), mentres que a masculina medrou só en A Coruña e Lugo. As taxas de actividade das mulleres seguen a ser especialmente baixas nas dúas provincias de menor desenvolvemento económico (Lugo e Ourense).

Taxa de actividade. Por sexo e provincia. 2007-2008

■ Cadro 4.25

	Total	Homes	Mulleres
2007			
A Coruña	55,2	64,7	46,8
Lugo	47,7	55,1	40,7
Ourense	49,5	58,3	41,3
Pontevedra	57,4	66,7	48,8
2008			
A Coruña	56,2	65,2	48,1
Lugo	49,8	57,1	43,0
Ourense	49,7	57,4	42,5
Pontevedra	57,6	66,7	49,3

Medias anuais.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

4.4 A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, analizaremos agora a poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución no último trienio nas distintas comunidades autónomas e a taxa de ocupación, para posteriormente analizar cómo se distribúe en Galicia a poboación ocupada por sexos, provincias, sectores económicos, grupos de idade e situación profesional.

4.4.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 4.26 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre ao longo do último trienio, así como a variación que en termos relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

■ O emprego, que subira en todas as comunidades en 2007, subiu só en unha (Asturias) en 2008 no último ano; a maior intensidade na destrución de emprego presentárona Canarias e Andalucía.

■ En Galicia practicamente se mantivo o emprego no nivel do ano 2007 (baixou un 0'1%), dato moito mellor que a media estatal (diminución do 3%); só Asturias e as cidades autónomas tiveron un dato de ocupación mellor:

■ A participación de Galicia no total de ocupación española en 2008 quedou no 6% (dúas décimas máis que no ano anterior), algo por baixo do noso peso demográfico no conxunto do Estado.

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2006-2008

■ Cadro 4.26

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual		Variacións anuais	
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 07	T IV 08	%	%
						T IV 07	T IV 08
Andalucía	3.151,7	3.220,9	3.054,4	15,7	15,4	2,2	-5,2
Aragón	588,4	616,4	601,0	3,0	3,0	4,8	-2,5
Asturias	422,9	437,6	442,8	2,1	2,2	3,5	1,2
Baleares	491,5	495,0	494,6	2,4	2,5	0,7	-0,1
Canarias	886,8	911,5	832,0	4,5	4,0	2,8	-8,7
Cantabria	253,4	263,5	256,4	1,3	1,3	4,0	-2,7
C. A Mancha	816,5	851,8	821,6	4,2	4,1	4,3	-3,5
C. León	1.060,5	1.081,1	1.053,3	5,3	5,3	1,9	-2,6
Cataluña	3.452,0	3.547,3	3.399,0	17,3	17,1	2,8	-4,2
C. Valenciana	2.192,2	2.249,1	2.188,1	11,0	11,0	2,6	-2,7
Extremadura	406,5	410,4	396,5	2,0	2,0	1,0	-3,4
Galicia	1.170,5	1.196,1	1.195,1	5,8	6,0	2,2	-0,1
Madrid	3.031,0	3.073,8	3.057,0	15,0	15,4	1,4	-0,5
Murcia	605,8	635,8	612,6	3,1	3,1	5,0	-3,6
Navarra	287,5	290,6	283,9	1,4	1,4	1,1	-2,3
País Vasco	994,3	998,6	975,4	4,9	4,9	0,4	-2,3
A Ríoxa	143,8	148,8	144,5	0,7	0,7	3,5	-2,9
Ceuta e Melilla	46,4	48,7	48,7	0,2	0,2	5,0	0,0
España	20.001,8	20.476,9	19.856,8	100,0	100,0	2,4	-3,0

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral*, nº 88, febreiro 2009.

A análise da taxa de ocupación (porcentaxe de poboación con emprego respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) reflicte no cadro 4.27 que:

■ Presentou en Galicia un lixeiro descenso (dúas décimas), moi inferior ao rexistrado no promedio estatal. No ano 2008 destacou pola súa diminución porcentual especialmente Canarias, mentres que Asturias foi a única comunidade autónoma na que subiu (e moi lixeiramente) a taxa de ocupación.

■ A taxa de emprego de Galicia segue a ser en 2008 menor que a estatal, pero o diferencial (1,8 puntos) queda dous puntos por baixo do anterior ano.

Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas. 2006-2008

■ Cadro 4.27

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 08
Andalucía	48,6	48,8	45,7	-3,2
Aragón	54,2	55,9	53,9	-2,0
Asturias	45,1	46,7	47,3	0,6
Baleares	58,8	57,5	55,9	-1,5
Canarias	53,8	54,0	48,3	-5,7
Cantabria	52,2	53,7	51,9	-1,5
C. A Mancha	50,9	51,8	48,8	-1,9
C. León	49,4	50,1	48,6	-3,0
Cataluña	58,2	58,6	55,9	-2,8
C. Valenciana	55,1	55,0	52,5	-2,6
Extremadura	45,5	45,6	43,9	-1,7
Galicia	49,3	50,2	50,0	-0,2
Madrid	60,2	59,8	58,5	-1,4
Murcia	54,6	55,6	52,3	-3,3
Navarra	58,0	57,7	55,7	-2,0
País Vasco	54,5	54,4	53,3	-1,1
A Ríoxa	55,5	56,4	54,2	-2,2
Ceuta e Melilla	43,6	44,8	44,4	-1,2
España	53,7	54,0	51,8	-2,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral*, nº 88, febreiro 2009.

A desagregación por sexos das taxas de emprego de Galicia que figuran no cadro 4.28 para o último cuadrienio reflicte que:

■ Nos homes, en 2008 baixou sete décimas respecto do ano anterior; mentres que nas mulleres subiu nove décimas.

■ Como consecuencia desa evolución, no último ano reduciuse en 1´6 puntos o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, anque segue a ser moi notable a diverxencia (16,7 puntos a prol dos homes).

Taxas de ocupación. Por sexo. Galicia. 2005-2008

■ Cadro 4.28

	Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres
2005	47,8	58,1	38,3
2006	49,1	58,4	40,5
2007	50,1	59,7	41,4
2008	50,3	59,0	42,3

Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

A análise da taxa de ocupación das provincias galegas (coa súa diferenciación por sexos) do cadro 4.29 amosa que:

■ As dúas provincias máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra) seguen a presentar en 2008 as maiores taxas globais de emprego.

■ Na desagregación por sexos, conséntase que nas mulleres a taxa de ocupación é especialmente baixa nas provincias de Lugo e Ourense, nas que aínda non acada o limiar do 40%; en 2008 baixou moi lixeiramente en Pontevedra e subiu nas outras tres provincias.

Taxa de ocupación. Por sexo e provincia. 2006-2008

■ Cadro 4.29

		Total	Homes	Mulleres
2006	Lugo	54,4	37,2	36,2
	Ourense	52,9	35,9	32,8
	Pontevedra	61,2	40,6	38,7
	Pontevedra	47,7	59,3	37,1
2007	A Coruña	50,6	60,7	41,7
	Lugo	44,9	52,6	37,7
	Ourense	46,7	55,8	38,1
	Pontevedra	52,7	62,6	43,7
2008	A Coruña	51,2	60,2	43,0
	Lugo	46,7	54,5	39,4
	Ourense	46,6	54,4	39,1
	Pontevedra	51,8	60,9	43,6

Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Xa en anteriores *Informes Sociolaborais* subliñamos a gravidade de que a economía galega presente –pese á mellora dos últimos anos– unha taxa de ocupación moi baixa en comparanza coas da UE e da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva eficiente aos nosos recursos humanos, imprescindible para a converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente.

Mentres, parte do noso capital humano debe buscar o seu emprego fóra de Galicia; un grupo importante corresponde a persoal cualificado (licenciados e diplomados, técnicos de F:P) que, despois de se formar en Galicia, van deixar o froito do seu traballo noutras comunidades autónomas ou noutros estados con maior grao de desenvolvemento económico-social.

Ademais, desaproveitamos outra parte dos nosos recursos humanos mediante o abuso das “prexubilacións”, nas que mesmo se destinan fondos públicos (hoxe, en tempo de crise, máis que nunca imprescindibles para crear emprego) para retirar do mercado efectivos laborais que están con plena capacidade produtiva e unha gran experiencia profesional.

4.4.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional.

A desagregación por sectores económicos e grupos de idade do cadro 4.30 certifica que o sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) no ano 2008 supón xa un 63,1% do emprego total galego, aínda que certamente segue bastante por baixo da media estatal e do conxunto dos países máis desenvolvidos. Poñemos neste cadro a disposición das persoas interesadas en facer unha análise desagregada por grupos de idade os datos que o permiten.

Poboación ocupada por grupos de idade e sector económico. Galicia 2008

■ Cadro 4.30

	Total	de 16 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
Total	1.200,1	90,9	949,0	160,2
Agricultura e pesca	96,4	5,0	67,5	23,9
Industria	215,2	17,5	175,1	22,7
Construción	131,9	12,3	102,9	16,7
Servizos	756,5	56,1	603,5	96,9

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

Para coñecer a situación profesional da poboación ocupada de Galicia presentamos o cadro 4.31, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último bienio. Salientaremos que:

■ O sector servizos foi o único no que subiu a poboación con emprego en 2008 (e fíxoo tanto nos homes coma nas mulleres).

■ A poboación asalariada subiu en 2008 de novo (aunque moi lixeiramente), e supón un 77% da poboación ocupada de Galicia; a nosa taxa de asalarización segue por baixo das medias do Estado e da Unión Europea.

■ Séguenlle á poboación asalariada en importancia cuantitativa do emprego os “empresarios ou membros de cooperativas” (que soben en 8.200 persoas respecto do ano anterior) e, xa de moi lonxe, as persoas que traballan como “axudas familiares”, que tiveron unha nova diminución no último ano.

■ No ano 2008 en Galicia un 49’5% das persoas ocupadas como “axudas familiares” son mulleres (6’8 puntos menos que en 2007); están fundamentalmente empregadas nos sectores servizos e agro-pesqueiro

■ **Cadro 4.31** Poboación ocupada . Por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2007-2008

	2007			2008		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total poboación ocupada	1.193,4	678,3	515,0	1.200,1	627,7	527,4
Agricultura e pesca	103,1	60,1	42,9	96,4	58,8	37,6
Industria	217,3	154,5	62,8	215,2	151,7	63,6
Construción	147,3	135,9	11,3	131,9	121,8	10,1
Servizos	725,7	327,7	397,9	756,5	340,4	416,1
Empresario ou membro de cooperativa	249,0	147,3	101,7	257,2	153,5	103,7
Agricultura e pesca	63,4	29,5	33,8	58,8	29,3	29,5
Industria	25,1	18,4	6,8	22,3	16,4	5,9
Construción	31,2	30,0	1,2	31,9	29,8	2,1
Servizos	129,3	69,4	59,9	144,2	78,0	66,2
Axudas familiares	21,5	9,4	12,1	19,2	9,8	9,4
Agricultura e pesca	10,4	5,8	4,6	9,7	5,8	3,9
Industria	1,0	0,4	0,6	1,8	0,7	1,1
Construción	2,0	0,7	1,3	1,0	0,3	0,7
Servizos	8,1	2,5	5,6	6,7	3,0	3,7
Asalariados	922,0	521,1	401,0	922,9	509,2	413,7
Agricultura e pesca	28,7	24,3	4,4	27,6	23,5	4,0
Industria	191,2	135,8	55,4	191,0	134,6	56,4
Construción	114,1	105,2	8,9	99,0	91,7	7,2
Servizos	588,0	255,8	332,3	605,3	259,4	346,0
Outra situación	0,9	0,6	0,3	0,8	0,2	0,6
Agricultura e pesca	0,6	0,5	0,2	0,2	0,2	0,2
Industria	0,0	-	-	-	-	0,2
Construción	-	-	-	0,2	-	-
Servizos	0,2	0,1	0,1	0,2	-	0,2

Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

A desagregación provincial da poboación ocupada en cada sector económico no ano 2008 podemos vela no cadro 4.32. Respecto da ocupación global por provincias, salientaremos que:

■ No ano 2008 hai 920.100 persoas traballando nas provincias occidentais: un 76,8 % do emprego total galego concéntrase, polo tanto, nas provincias da Coruña e Pontevedra.

■ O sector servizos supón un 63% do emprego galego en 2008, tendo as provincias occidentais un 78% dos postos de traballo dese sector.

Poboación ocupada. Por sector económico e provincia. Galicia. 2008

■ Cadro 4.32

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Galicia	1.200,1	93,8	215,9	134,1	756,4
A Coruña	502,1	29,8	81,5	58,0	332,9
Lugo	144,5	26,3	20,9	16,1	81,2
Ourense	135,4	10,4	26,2	14,0	84,8
Pontevedra	418,0	27,3	87,3	45,9	257,5

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE

O cadro 4.33 recolle a distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos en Galicia e España. Subliñaremos que:

■ Galicia (que en 2005 baixara, por primeira vez na súa historia, do límite do 10% de emprego agro-pesqueiro) diminuíu en 2008 oito décimas máis o seu peso relativo nese sector; a porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira é actualmente case o dobre da española.

■ É 2,2 puntos porcentuais maior a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia que en España na industria (igual que en 2007), nove décimas menor na construción e no sector servizos a diferenza é de 5,1 puntos a prol de España.

Porcentaxe de persoas ocupadas por sector económico. Galicia/España. 2008

■ Cadro 4.33

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Galicia	100,0	7,8	18,0	11,2	63,0
España	100,0	4,0	15,8	12,1	68,1

Fonte: INE, EPA

A desagregación por tipo de contrato (temporal ou indefinido) e sexo que recolle o cadro 4.34 reflicte que:

■ No ano 2008 un 69,4% dos contratos de Galicia son indefinidos (oito décimas máis que no ano anterior e 4,3 puntos máis que en 2006); a taxa de temporalidade de Galicia (30,6%) supera en 1,3 puntos á media estatal en 2008 (mentres que en 2007 estaba tres décimas por baixo na nosa comunidade).

■ A contratación temporal nas mulleres en Galicia en 2008 (33%) é 4'3 puntos superior á dos homes mentres que a nivel estatal esa diferenza é de 2'8 puntos. A taxa de temporalidade feminina de Galicia subiu en 2008 seis décimas, mentres que a dos homes baixou en 1'9 puntos.

**Porcentaxe de contratación indefinida e temporal.
Galicia/ España. 2006-2008**

■ Cadro 4.34

	De duración indefinida			Temporal		
	2008	2007	2006	2008	2007	2006
Total						
España	70,7	68,3	66,0	29,3	31,7	34,0
Galicia	69,4	68,6	65,1	30,6	31,4	34,9
Homes						
España	72,4	69,4	68,0	27,6	30,6	32,0
Galicia	71,3	69,4	68,0	28,7	30,6	32,0
Mulleres						
España	68,6	66,9	63,3	31,4	33,1	36,7
Galicia	67,0	67,6	61,3	33,0	32,4	38,7

Medias anuais.
Fonte: INE, EPA.

Se desagregamos o estudo da contratación de 2008 entre os sectores privado e público, comprobamos que a taxa de temporalidade se foi achegando significativamente entre eles. No sector privado a temporalidade en Galicia é do 31'5% (despois de baixar 1'5 puntos en 2008), mentres que no sector público é xa dun 27'5% (2'6 puntos máis que en 2007 e 1'6 puntos por riba da media estatal).

A análise cruzada por sexos e sector en que se traballe (público ou privado) reflicte que a menor taxa de temporalidade en Galicia é a dos homes no sector público (20,7%, nada menos que 12'4 puntos por baixo da das mulleres nese sector). A maior é a das mulleres no sector público por primeira vez (aunque certamente só por unha décima, cun 33'1% fronte ao 30% do sector privado) despois da forte suba de 2008 (3'6 puntos porcentuais).

Chama a atención, dende logo, o gran diferencial entre mulleres e homes na contratación en Galicia no 2008 do sector público (12'4 puntos), que contrasta coa do sector privado (2'6 puntos de diferenza).

Nos capítulos 5 e 7 deste mesmo Informe Sociolaboral se amplía a información venclada coas modalidades de contratación, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nesta cuestión. Cómpre, iso si, lembrar que unha das principais diverxencias da nosa estrutura sociolaboral coa media da UE ou da OCDE segue a ser a altísima temporalidade que temos. Velaí un bo campo no que continuar a traballar para “homologar” o noso mercado de traballo co dos Estados desenvolvidos cos que lexitimamente queremos converxer.

4.5. Poboación desempregada e taxa de paro.

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos o estudo doutro compoñente da poboación activa -a poboación desempregada- ao través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente as cifras do desemprego das distintas comunidades autónomas e as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na taxa de desemprego galega (por sexos, provincias e grupos de idade) e na distribución da poboación desempregada por tempo de busca de emprego.

O cadro 4.35 recolle, cos datos do cuarto trimestre, a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos que:

■ Nun ano de fortísima suba do desemprego (66´4% no promedio estatal) as maiores subas porcentuais tivéronas Canarias, Murcia, Cantabria, Castela – A Mancha, Navarra e Aragón (todas por riba do 90% de aumento) mentres que a única diminución foi a das cidades autónomas (pouco relevante estatisticamente).

■ A suba porcentual do desemprego de Galicia en 2008 (33´7%), con ser moi elevada, quedouse na metade da media estatal (66,4%).

■ A participación relativa de Galicia no desemprego total de España en 2008 (4%) baixou un punto respecto do ano anterior e quedou moi por baixo da porcentaxe no peso demográfico ou en PIB no Estado.

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2006-2008

■ Cadro 4.35

	Valores absolutos			Distribución porcentual	Variacións anuais	
	Miles				Miles	%
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 08	T IV 07	T IV 08
Andalucía	438,6	524,1	850,3	26,5	326,2	62,2
Aragón	31,0	33,1	63,6	2,0	30,5	92,1
Asturias	42,7	38,7	48,9	1,5	10,2	26,4
Baleares	32,3	49,0	69,5	2,2	20,5	41,8
Canarias	115,0	112,8	223,6	7,0	110,8	98,2
Cantabria	16,2	12,8	25,1	0,8	12,3	96,1
C. A Mancha	71,4	73,6	143,9	4,5	4,7	95,5
C. León	85,6	81,3	133,1	4,1	2,2	63,7
Cataluña	247,1	251,8	455,8	14,2	204,0	81,0
C. Valenciana	203,2	223,2	381,7	11,9	158,5	71,0
Extremadura	60,4	70,5	86,8	2,7	16,3	23,1
Galicia	102,5	96,5	129,0	4,0	32,5	33,7
Madrid	210,5	209,4	345,3	10,8	135,9	64,9
Murcia	52,0	57,3	112,6	3,5	55,3	96,5
Navarra	13,8	13,0	25,1	0,8	12,1	93,1
País Vasco	71,1	60,7	88,6	2,8	27,9	46,0
A Ríoxa	10,9	8,9	15,6	0,5	6,7	75,3
Ceuta e Melilla	6,3	10,9	9,6	0,3	-1,3	-11,9
España	1,810,6	1,927,6	3,208,1	100,0	117,0	66,4

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral*, nº 88, febreiro 2009.

A taxa de paro (porcentaxe de persoas desempregadas sobre a poboación activa) foi en 2008 dun 9,7% en Galicia (2'2 puntos máis que no ano anterior e 4,2 puntos porcentuais por baixo da media española).

A comparanza da taxa de desemprego de Galicia coas da OCDE que vimos no capítulo I explicita que a nosa está moi por riba da media da OCDE; velaí unha “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que cómpre reducir para achegármolos ao nivel medio de benestar do conxunto da OCDE.

O cadro 4.36 permítenos o seguimento comparativo das taxas de desemprego nas distintas comunidades autónomas no último trienio, evidenciando que:

■ En 2008 a suba da taxa de desemprego de Galicia (2'3 puntos) quedou moi por baixo da media estatal (5'3 puntos).

■ A clasificación autonómica, ordenada por maior taxa de desemprego, encabézana Andalucía, Canarias e Extremadura; péchana Navarra, Cantabria e Aragón.

Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2006-2008

■ Cadro 4.36

	Valores das taxas			Variacións anuais (en puntos porcentuais)	
	T IV 06	T IV 07	T IV 08	T IV 07	T IV 08
Andalucía	12,2	14,0	21,8	1,8	7,8
Aragón	5,0	5,1	9,6	0,1	4,5
Asturias	9,2	8,1	10,0	-1,1	1,8
Baleares	6,2	9,0	12,3	2,8	3,3
Canarias	11,5	11,0	21,2	-0,5	10,2
Cantabria	6,0	4,6	8,9	-1,4	4,3
C. A Mancha	8,0	8,0	14,9	-0,1	7,0
C. León	7,5	7,0	11,2	-0,5	4,2
Cataluña	6,7	6,6	11,8	0,0	5,2
C. Valenciana	8,5	9,0	14,9	0,5	5,8
Extremadura	12,9	14,7	18,0	1,7	3,3
Galicia	8,1	7,5	9,7	-0,6	2,3
Madrid	6,5	6,4	10,2	-0,1	3,8
Murcia	7,9	8,3	15,5	0,4	7,3
Navarra	4,6	4,3	8,1	-0,3	3,9
País Vasco	6,7	5,7	8,3	-0,9	2,6
A Rioxa	7,0	5,6	9,8	-1,4	4,1
Ceuta e Melilla	11,9	18,4	16,6	6,4	-1,7
España	8,3	8,6	13,9	0,3	5,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: *Ministerio de Trabajo e Inmigración, Coyuntura Laboral*, nº 88, febreiro 2009.

A desagregación por sexos no último cuadrienio das taxas de desemprego que figuran no cadro 4.37 permite observar que:

■ A taxa feminina de Galicia en 2008 está tres puntos por riba da masculina; este diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes en Galicia neste ano é o menor do período estudado.

■ Subiu máis a taxa de desemprego dos homes que as das mulleres en 2008 en Galicia. A taxa de desemprego masculina de Galicia está practicamente no nivel de hai un trienio, mentres que a feminina (aunque moito maior que Aquela) é notablemente menor que entón.

Taxa de desemprego. Por sexos. Galicia. 2005-2008

■ Cadro 4.37

	Total	Homes	Mulleres
2005	9,9	7,2	13,5
2006	8,5	6,1	11,4
2007	7,6	5,7	10,0
2008	8,7	7,4	10,4

Medias anuais
Fonte: INE, EPA

O cadro 4.38 reflicte que:

■ As taxas de desemprego son máis do dobre no grupo de idade das persoas menores de 25 anos que no total de persoas desempregadas en Galicia, tanto globalmente coma en cada un dos sexos.

■ A taxa de desemprego máis alta na Galicia de 2008 é a das mulleres máis novas (un 24%) , porcentaxe que está 1,5 puntos porcentuais por baixo da media estatal das mulleres dese grupo de idade

■ Cadro 4.38

Taxas de desemprego. Por grupos de idade e sexo. Galicia/ España. 2007-2008

	Total		Menos de 25 anos		25 e máis anos		16 a 19 anos		20 a 24 anos		25 a 54 anos		55 e máis	
	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007
Total														
España	11,34	8,26	24,63	18,19	9,77	7,04	39,41	28,71	20,40	15,13	10,17	7,24	7,02	5,60
Galicia	8,73	7,64	21,18	15,94	7,53	6,79	31,77	23,13	18,70	14,06	7,86	7,07	5,50	5,05
Homes														
España	10,06	6,37	23,70	15,24	8,51	5,31	35,75	23,89	20,05	12,48	8,90	5,42	6,11	4,63
Galicia	7,39	5,72	19,19	12,89	6,18	4,93	27,99	21,10	16,78	10,32	6,53	5,02	4,29	4,63
Mulleres														
España	13,04	10,85	25,76	21,94	11,47	9,42	44,45	35,95	20,81	18,34	11,80	9,65	8,63	7,39
Galicia	10,37	10,04	23,99	20,54	9,17	9,09	39,21	27,68	21,22	19,17	9,45	9,51	7,27	6,03

Medias anuais
Fonte: INE. EPA

A evolución por provincias e sexos da taxa de desemprego en medias anuais do último bienio figura no cadro 4.39, e reflicte que:

- No último ano subiu a taxa global de paro nas catro provincias, con maior intensidade en Pontevedra.
- As dúas provincias que teñen en 2008 as maiores taxas de desemprego feminino (ambas as dúas maiores do 10%) seguen a ser A Coruña e Pontevedra.
- Seguen a sobresaír as provincias de Lugo e Ourense pola súa menor taxa de desemprego, tanto globalmente como para cada un dos sexos.
- O diferencial entre as taxas de desemprego masculina e feminina é especialmente alto en 2008 en Lugo (3,8 puntos) e as outras tres provincias (e mais o total galego) están no abano entre 2,7 e 3 puntos.

■ Cadro 4.39

Taxas de desemprego. Por sexo e provincia. Galicia. 2007-2008

	Total	Homes	Mulleres
2007			
Galicia	7,6	5,7	10,0
A Coruña	8,3	6,1	10,9
Lugo	5,8	4,6	7,4
Ourense	5,7	4,2	7,7
Pontevedra	8,1	6,1	10,5
2008			
Galicia	8,7	7,4	10,4
A Coruña	8,9	7,6	10,6
Lugo	6,2	4,5	8,3
Ourense	6,3	5,1	7,8
Pontevedra	10,1	8,8	11,6

Medias anuais
Fonte: INE, EPA (elaboración do IGE)

No cadro 4.40 recolleemos a distribución da poboación desempregada galega no último bienio segundo o tempo de busca no emprego. Salientaremos que:

- Baixou en 2008 o número de persoas desempregadas tan só entre as que levan dous anos ou máis desempregadas.
- Subiu en Galicia o desemprego de longa duración en 2008, acadando 30.600 persoas, fronte ás 28.000 persoas do ano anterior.
- Hai máis mulleres que homes desempregadas en Galicia nos tres estratos que superan os tres meses na procura de emprego (e tamén no de un a tres meses e no total).

■ **Cadro 4.40** Persoas desempregadas por tempo de búsqueda de emprego e sexo. Galicia. 2007-2008

Tempo de búsqueda de emprego	2008			2007		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total persoas desempregadas	114,7	53,7	90,6	98,7	41,2	57,5
Xa atopou emprego	15,5	7,8	7,7	14,1	6,9	7,1
Menos dun mes	12,2	7,1	5,1	10,2	4,9	5,3
Dun mes a menos de 3	23,9	11,7	12,2	22,2	9,4	12,8
De 3 meses a menos de 6	19,2	10,3	8,9	12,9	5,2	7,7
De 6 meses a menos dun ano	13,4	5,9	7,5	11,3	5,4	5,9
Dun ano a menos de 2	14,2	5,4	8,8	10,5	4,0	6,5
2 anos ou máis	16,4	5,5	10,9	17,5	5,4	12,1

Datos en miles de persoas. Miles anuais
Fonte: INE, EPA

O cadro 4.41 permítenos afondar no desemprego de longa duración en Galicia, mediante a comparanza cos datos estatais por sexos e por tempo de búsqueda de emprego. Sobrancearemos que:

■ A porcentaxe de persoas desempregadas que levan dous anos ou máis nesa situación é en 2008 moito maior en Galicia (14'3 %) que no conxunto estatal (9'8%); baixou nos dous ámbitos territoriais esta porcentaxe en 2008 e resulta especialmente grande nas mulleres.

■ A porcentaxe de persoas desempregadas que levan máis dun ano e sen chegar a dous nesa situación é tamén superior en Galicia (12'4 %) que no conxunto estatal (11'5%); subiu en Galicia 1'7 puntos esta porcentaxe en 2008, e mantívose inalterada en España. Tamén neste estrato é maior a porcentaxe de mulleres –sobre o total de desempregadas– que a de homes en Galicia –sobre o total de desempregados–

■ **Porcentaxe de persoas desempregadas⁽¹⁾. Por tempo de búsqueda de emprego e sexo. Galicia/España. 2007-2008**■ **Cadro 4.41**

	2008		2007	
	España	Galicia	España	Galicia
Ambos sexos				
Xa atopou emprego	10,3	13,5	14,1	14,3
Dun ano a menos de 2	11,5	12,4	11,5	10,7
2 anos ou máis	9,8	14,3	12,2	17,7
Homes				
Xa atopou emprego	9,9	14,5	15,6	16,9
Dun ano a menos de 2	10,2	10,0	10,3	9,7
2 anos ou máis	6,8	10,2	9,9	13,2
Mulleres				
Xa atopou emprego	10,7	12,6	13,0	12,4
Dun ano a menos de 2	12,8	14,5	12,5	11,4
2 anos ou máis	12,9	17,9	14,1	21,0

(1) Porcentaxe respecto do total de persoas desempregadas de Galicia ou de España. Medias anuais
Fonte: INE. EPA

4.6. O paro rexistrado 2008

Os datos para a elaboración da estatística do Paro Rexistrado na Comunidade Autónoma obtéñense da oficina de Emprego da Xunta de Galicia onde o colectivo de desempregados se inscribe co fin de solicitar servizos de intermediación laboral, formación, información de prestacións, etc. Recollidos os datos a través dunha entrevista ocupacional co demandante, introdúcense no sistema Informática do SPEE-INEM que remite dentro dos cinco primeiros días hábiles de cada mes, os datos procesados por provincias á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a elaboración das estatísticas autonómicas.

Dentro do colectivo de parados, son obxecto de tratamento, aqueles que teñen demandas pendentes de satisfacer o último día do mes, agás os que se atopen nalgunha das situacións establecidas na Orde Ministerial do 11 de Marzo de 1.985 (BOE de 14/3/85):

- Demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen (Pluriemprego)
- Demandantes, que aínda ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen (Mellora de emprego)
- Preceptores de Prestacións por Desemprego que realicen traballos de colaboración social (perciben a prestación por desemprego completada pola realización do traballo de colaboración social)
- Pensionistas de xubilación, invalidez absoluta, grande invalidez ou igual ou maiores de 65 anos (xubilados)
- Demandantes de emprego por un período inferior a 3 meses (Emprego conxuntural)
- Demandantes de traballo parcial inferior a 20 horas semanais (Xornada <20 horas)
- Menores de 25 anos que cursen estudos de ensinanzas oficiais reguladas ou superando esta idade sexan demandantes do primeiro emprego (Estudantes)
- Asistentes a Cursos de Formación Profesional Ocupacional superiores a 20 horas lectivas á semana, teñan unha bolsa polo menos de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego (Estudantes)
- Aqueles preceptores de Prestacións por Desemprego que a compatibilizan con traballo a tempo parcial (Compatibilidade prestacións)
- Demandantes coa demanda suspendida en tanto permanezan nesa situación xa que a suspensión da demanda, que xeralmente se tramita a petición do demandante e por causa que o xustifique, interrompe a busca de emprego (Exemp.: I.T.) (Demandas suspendidas)
- Demandantes que están a percibir o subsidio agrario ou que esgotándoo, non transcorra un período superior a un ano dende o día do nacemento do dereito (Traballadores Eventuais Agrícolas Subsidiados)
- Demandantes que rexeiten accións de inserción laboral axeitadas ás súas características (Rexeitamento de accións de inserción laboral)
- Demandantes sen dispoñibilidade inmediata para o traballo, como demandantes inscritos para participar nun proceso de selección dun posto de traballo determina-

do, solicitantes de emprego soamente no estranxeiro, de emprego só a domicilio, de Expediente de regulación de emprego, etc... (Outras causas)

Existe un gran numero de situacións nas que as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e nalgunha delas, talvez, sería discutible a súa non inclusión, ao que hai que engadir que nalgúns casos as baixas expectativas de atopar traballo a través dos Servizos Públicos de Emprego provoca a non inscrición como demandante, así como a obriga da renovación da demanda de emprego cada 3 meses.

Por estas razóns considéranse máis fiables os datos da EPA. Moitos dos catalogados como parados rexistrados serían clasificados como inactivos se se lles aplicase o cuestionario EPA.

No ano 2.005 implantouse un novo sistema informático que afecta significativamente o número de parados rexistrados, debido á eliminación de clases de clasificación obsoletas e á corrección do tratamento de determinados colectivos. Os incrementos do paro rexistrado que se poden observar, a partir da implantación o 4/05/05, do programa SISPE, tanto en Galicia coma en España, non se corresponden a un incremento real do paro, senón a unha mellor recollida de información do SISPE. O anterior sistema chamado SILE, subestimaba a cifra do paro rexistrado en preto de 30.000 persoas en Galicia.

Neste sentido actualizouse a base de datos, reconstruíndo os datos a nivel nacional, entre o ano 2001 e Abril de 2005, ata a implantación definitiva do SISPE o 4/5/05, para poder realizar comparacións sobre o paro rexistrado.

Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2008

■ Cadro 4.42

	Parados Decembro 2008	Variacións anuais	
		Variación absoluta	% Variación
Andalucía	719.378	208.561	40,83
Aragón	67.266	28.888	75,27
Asturias	63.614	12.385	24,18
Baleares	73.298	23.294	46,58
Canarias	202.993	63.912	45,95
Cantabria	33.771	11.923	54,57
C. A Mancha	147.817	52.862	55,67
C. León	150.545	40.834	37,22
Cataluña	423.232	157.443	59,24
C. Valenciana	357.824	142.131	65,90
Extremadura	97.574	21.372	28,05
Galicia	189.903	34.921	22,53
Madrid	345.333	116.183	50,70
Rexión de Murcia	90.956	39.333	76,19
Navarra	32.956	11.381	52,75
País Vasco	100.637	26.055	34,93
A Rioxa	16.671	5.918	55,04
Ceuta	7.486	722	10,67
Melilla	7.709	1.298	20,25
España	3.128.963	999.416	46,93

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia / SPEE-INEM

Deste cadro extráese:

■ O aumento do paro en Galicia chegou ao 22,53%, mentres que os datos da media de España son máis negativos, cun subida do desemprego do 46,93%

■ O número absoluto de parados en 2008 experimento un forte aumento respecto a anos anteriores e a taxa de paro alcanzou o 15,64, mentres que a media do conxunto do Estado foi 13,64%

A achega de Galicia no paro rexistrado estatal foi de 6.01%.

A evolución do paro rexistrado en Galicia dende o ano 2001 (cadro 4.43 e 4.44) e a taxa de paro reflicten unha tendencia á baixa dende o ano 2004.

Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia. Galicia 2006-2008

■ Cadro 4.43

	Nº Parados	Taxa de paro
2006	160.666	12,51
2007	154.982	11,90
2008	189.903	14,34

Datos de decembro de cada ano

*Calculado en función da poboación activa publicada na EPA do 2º trimestre 2004 revisada
Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado

Evolución do paro rexistrado. Cifras publicadas e simulación retrospectiva con criterios SISPE. Galicia 2001-2004

■ Cadro 4.44

	Paro rexistrado publicado	Paro rexistrado simulación SISPE
2001	138.354	166.761
2002	151.015	179.850
2003	157.337	188.407
2004	154.363	184.680

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal

O paro rexistrado por provincias (cadro 4.45) toma como variables a idade (<25 ANOS Y >25 ANOS) e o sexo.

■ Cadro 4.45

Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2008

	Paro mes	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	75.767	7.176	4.093	3.083	68.591	29.242	39.349
Lugo	17.861	1.980	1.083	897	15.881	7.420	8.461
Ourense	22.441	2.096	1.170	926	20.345	8.484	11.861
Pontevedra	73.834	8.185	4.655	3.530	65.649	27.819	37.830
Galicia	189.903	19.437	11.001	8.436	170.466	72.965	97.501

Datos de decembro de 2008

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo (Informe do paro rexistrado)

Por provincias (cadro 4.46) en todas produciuse unha diminución do paro rexistrado, tendo en conta a revisión que sobre os datos do 2004 se calcularon en función da poboación activa publicada da EPA do 2ª trimestre.

■ Cadro 4.46

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2008

	Nº Parados Dec. 2008	Taxa de paro	Variación Decembro 2007	%
A Coruña	75.767	13,53	13.293	21,28
Lugo	17.861	11,25	2.202	14,06
Ourense	22.441	15,87	2.818	14,36
Pontevedra	73.834	15,82	16.608	29,02

Datos de decembro 2008

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Se comparamos estes valores cos estatais, observamos que as catro provincias galegas superan a taxa española (13,64), destacando especialmente Ourense (15,87) e Pontevedra (15,82), ao igual que no ano 2007.

As taxas de paro rexistrado en Galicia en 2008 por sexo e grupo de idade (cadro 4.47), mostran unha taxa do 15.09% para os menores de 25 anos e unha taxa do 14.23 para os maiores de 25 anos.

■ Cadro 4.47

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2008

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	15,39	11,11
Mulleres	14,72	18,01

Datos de decembro 2008

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo.
Informe do paro rexistrado

Se á variable de idade engadimos a variable sexo, observamos que como en 2007 as taxas son maiores en mulleres que en homes.

En decembro/08 o total de homes parados rexistrados alcanzaban os 83.966, o que supoñía un 44.21% do total da poboación parada, fronte a unha poboación parada feminina de 105.937 mulleres que representaban o 55.78% do total. En 2007 estas porcentaxes foron do 38.13% e do 61.87%, respectivamente.

Tanto a poboación parada masculina, como a feminina aumentaron en 2008. A taxa de paro rexistrado no grupo de homes aumentou 3.33 puntos, pasando do 8.20% de 2007 ao 11.53% de 2008, e no grupo de mulleres o aumento foi menor, alcanzando os 1.21 puntos de aumento, quedando a taxa de paro rexistrado en 17,70% en 2008, fronte ao 16.49% de 2007.

Aínda que a repartición do número de parados rexistrados prexudica claramente ao colectivo feminino, apréciase unha lixeira melloría na repartición porcentual; o aumento do desemprego prexudicou en maior medida aos homes.

Distanciáronse o grupo de mulleres <25 anos (14,72%) do grupo de mulleres >25 anos (18,01%), mentres que no grupo de homes, os menores de 25 anos (15,39%) presentan un peor comportamento que o de maiores de 25 anos (11,11%).

A distribución por sectores do paro rexistrado (cadro 4.48) comparándoo co ano anterior reflicte un aumento en todos eles.

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2008

■ Cadro 4.48

	Parados Decembro 2008	Variación decembro 2007	% Variación
Agricultura e pesca	5.806	811	16,24
Industria	30.255	5.767	23,55
Construción	27.138	10.213	60,34
Servizos	103.069	17.575	20,56
Sen emprego anterior	23.635	555	2,40

Datos decembro 2008

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

O sector servizos segue sendo o que máis desempregados rexistra superando en 16.235 parados, a suma dos outros tres sectores produtivos, agricultura e pesca, industria e construción, xuntos.

Se os comparamos co 2007, ponse de manifesto unha suba en todos os sectores, especialmente no sector de construción (60,34%) e no sector industria (23,55%).

O menor aumento do paro rexistrado produciuse en sen emprego anterior e no sector servizos.

Comparando estes datos cos do conxunto de España apreciamos que ao igual que en Galicia, se produciu un maior aumento no sector de construción (108,10%), seguido de agricultura (47,27%) e industria (42,82%) Os resultados globais reflicten unha suba do 46,93%.

O paro rexistrado por nivel académico e provincia reflíctese no cadro 4.49 onde se aprecia un maior rexistro de parados no grupo con EXB, 61.174 parados (48.577 en 2007) e no de con Certificado de Estudios Primarios 58.722 parados (47.994 en 2007). Estes dous colectivos xuntos supoñen un 63,13% (64,15% en 2007).

■ Cadro 4.49

Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2008

	Sen estudos	Sen certif. estudios prim.	Con certif. estudios prim.	EXB	BUP	FP	Estudios medios	Estudios superiores
A Coruña	590	4.269	22.353	24.137	6.883	10.232	2.896	4.407
Lugo	135	1.755	5.890	4.908	1.360	2.363	797	653
Ourense	152	1.542	7.963	6.454	2.269	2.497	809	755
Pontevedra	384	3.056	22.516	25.675	6.620	10.071	2.386	3.126
Galicia	1.261	10.622	58.722	61.174	17.132	25.163	6.888	8.941

Datos de decembro 2008

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Cadro 4.50

Paro rexistrado por comarcas. Por idades e sectores económicos. Galicia. 2008

Comarcas	Paro mes actual	Distribución por idades						Distribución por sectores económicos				
		Menores de 25 anos			Resto de idades			Agric./ gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen emprego
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres					
A Barcala	813	68	41	27	745	379	366	20	90	186	448	69
Muros	1.042	67	38	29	975	408	567	80	209	230	433	90
Noia	2.269	208	109	99	2.061	938	1.123	153	330	480	1.070	236
O Sar	1.402	147	91	56	1.255	563	692	26	289	226	708	153
Ordes	2.018	215	118	97	1.803	808	995	50	450	411	823	284
Ortegal	726	74	46	28	652	301	351	72	84	101	401	68
Santiago	10.692	1.027	554	473	9.665	4.346	5.319	138	1.085	1.480	6.571	1.418
Terra de Melide	735	77	34	43	658	280	378	31	123	104	299	178
Terra de Soneira	1.484	124	63	61	1.360	610	750	80	297	399	510	198
Xallas	1.148	105	60	45	1.043	527	516	24	174	342	483	125
A Coruña	24.110	2.042	1.194	848	22.068	9.301	12.767	422	3.252	2.600	15.821	2.015
Arzúa	918	93	59	34	825	367	458	30	155	173	427	133
Barbanza	4.807	571	298	273	4.236	1.729	2.507	345	1.250	682	2.014	516
Bergantiños	5.750	516	296	220	5.234	2.143	3.091	141	1.700	1.314	2.014	581
Betanzos	1.997	214	122	92	1.783	820	963	39	303	313	1.124	218
Eume	1.684	170	100	70	1.514	755	759	35	269	256	906	218
Ferrol	12.316	1.281	775	506	11.035	4.257	6.778	193	1.503	1.660	6.558	2.402
Fisterra	1.856	177	95	82	1.679	710	969	96	268	375	856	261
A Fonsagrada	212	10	6	4	202	123	79	28	25	35	108	16
A Mariña Central	1.378	151	76	75	1.227	538	689	85	152	204	743	194
A Mariña Occidental	1.437	154	87	67	1.283	493	790	92	91	176	928	150
A Mariña Oriental	806	100	57	43	706	308	398	27	96	132	468	83
A Ulloa	418	42	21	21	376	195	181	23	68	78	202	47
Chantada	671	79	41	38	592	329	263	43	76	144	327	81
Lugo	6.697	797	429	368	5.900	2.605	3.295	134	496	746	4.241	1.080
Meira	184	20	10	10	164	84	80	10	26	14	109	25
Os Ancares	469	59	39	20	410	244	166	44	40	100	241	44
Quiroga	418	38	25	13	380	197	183	26	75	84	185	48
Sarria	1.218	121	64	57	1.097	518	579	31	148	201	652	186
Terra Chá	1.961	209	121	88	1.752	956	796	55	299	462	927	218
Terra de Lemos	1.992	200	107	93	1.792	830	962	55	231	344	999	363
A Limia	1.611	141	80	61	1.470	570	900	97	272	270	786	186
Allariz-Maceda	780	80	46	34	700	287	413	36	181	130	343	90
Baixa Limia	481	43	22	21	438	207	231	48	41	94	252	46
O Carballiño	1.895	183	92	91	1.712	729	983	39	298	325	975	258
O Ribeiro	1.184	98	58	40	1.086	516	570	56	193	172	614	149
Ourense	9.798	1.018	580	438	8.780	3.508	5.272	169	1.372	1.325	5.737	1.195
Terra de Caldelas	145	14	5	9	131	77	54	10	15	22	82	16
Terra de Celanova	1.360	91	53	38	1.269	569	700	48	226	224	698	164
Terra de Trives	234	9	6	3	225	110	115	7	52	43	117	15
Valdeorras	1.867	224	131	93	1.643	658	985	42	551	244	818	212
Verín	2.629	168	81	87	2.461	1.025	1.436	92	510	473	1.090	464
Viana	457	27	16	11	430	228	202	20	47	123	225	42
A Paradanta	1.021	106	59	47	915	472	443	41	146	207	483	144
Caldas	2.985	369	203	166	2.616	1.067	1.549	53	612	631	1.301	388
O Baixo Miño	4.456	596	334	262	3.860	1.615	2.245	333	765	672	2.021	665
O Condado	3.912	512	306	206	3.400	1.495	1.905	166	665	711	2.075	295
Deza	1.777	229	132	97	1.548	730	818	58	372	331	743	273
O Morrazo	6.867	814	465	349	6.053	2.500	3.553	634	976	715	3.681	861
O Salnés	8.667	996	531	465	7.671	3.266	4.405	246	1.420	1.373	4.746	882
Pontevedra	8.849	976	528	448	7.873	3.353	4.520	240	968	1.262	5.218	1.161
Taboas-Terra de Montes	1.562	172	74	98	1.390	632	758	41	230	277	727	287
Vigo	33.738	3.415	2.023	1.392	30.323	12.689	17.634	702	6.689	3.462	18.741	4.144
Total	189.903	19.437	11.001	8.436	170.466	72.965	97.501	5.806	30.255	27.138	103.069	23.635

Datos de decembro. En miles

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado

Mediante o rexistro de parados recollido nas Oficinas de Emprego de Galicia pódese facer unha división por concellos e bisbarras, tendo en conta as variables de idade, sexo e sectores económicos. Esta distribución posibilita unha análise máis detallada da situación de cada zona xeográfica e a conseguinte planificación de accións e recursos para emendar as carencias e deficiencias de programas específicos que reduzan o número de parados

4.7. A Poboación inactiva

No cadro 4.51 reflíctense os datos da poboación inactiva en Galicia, diferenciándoo por provincias e situación de inactividade, así como os datos dos 2 anos anteriores, co fin de poder apreciar a súa evolución:

■ Cadro 4.51

Poboación inactiva por situación de inactividade. Galicia e provincias. 2006-2008

	2006	2007	2008
Total			
A Coruña	434,2	437,6	429,3
Lugo	160,0	162,1	155,2
Ourense	152,0	147,6	146,3
Pontevedra	354,4	341,7	342,0
Galicia	1.100,6	1.089,0	1.072,8
Estudantes			
A Coruña	68,6	73,3	62,7
Lugo	20,9	20,0	15,5
Ourense	16,1	17,4	15,8
Pontevedra	59,2	51,9	53,8
Galicia	164,8	162,6	147,8
Retirados, xubilados e pensionistas			
A Coruña	204,7	215,6	202,3
Lugo	95,3	104,0	101,4
Ourense	90,2	88,9	88,0
Pontevedra	166,2	164,9	163,6
Galicia	556,5	573,5	555,3
Labores da casa			
A Coruña	108,0	103,9	108,6
Lugo	26,3	24,9	23,3
Ourense	27,5	27,8	26,0
Pontevedra	84,3	86,8	82,5
Galicia	246,2	243,5	240,4
Incapacitado permanente			
A Coruña	41,6	37,7	48,2
Lugo	13,6	10,2	12,5
Ourense	16,1	11,9	14,2
Pontevedra	33,2	32,1	33,9
Galicia	104,5	91,9	108,8
Outra situación			
A Coruña	11,2	7,1	7,4
Lugo	4,0	2,8	2,5
Ourense	2,1	1,6	2,2
Pontevedra	11,4	5,9	8,3
Galicia	28,6	17,3	20,4

Miles de persoas

Fonte: INE. EPA. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE

- Como en anos anteriores mais da metade das persoas inactivas se atopa no grupo de “retirados, xubilados, pensionistas” 51.76%, 0.90 puntos menos que no ano 2007 e 6.66 puntos por enriba da media española (45%)
- A continuación atopamos a categoría de “labores do fogar”, con resultados similares ao ano anterior (22,41%).
- O grupo de “estudantes” representa o 13.79% da poboación inactiva (14,93% en 2007)
- Destaca a baixada na categoría de “retirados, xubilados e pensionistas” en todas as provincias.
- Na única situación na que a poboación inactiva subiu en todas as provincias foi “incapacitado permanente” 108.900 incapacitados (91.900 en 2007 e 104.500 en 2006)

Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2008

■ Cadro 4.52

	Total	Estudiante	Xubilado ou prexubilado	Labores da casa	Incapacitado permanente	Perceptor de pensión distinta de xubilación ou prexubilación	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	15.359,6	2.224,2	5.206,8	4.743,2	1.081,9	17.25,1	378,3
Andalucía	2.826,1	449,2	804,6	943,6	218,6	321,0	89,1
Aragón	452,1	61,5	168,3	137,8	28,7	51,1	4,7
Asturias	443,0	54,0	175,1	114,0	40,4	52,1	7,5
Baleares	308,9	42,3	105,7	101,0	14,6	35,8	9,4
Canarias	668,7	122,6	160,7	231,7	52,2	81,4	20,0
Cantabria	212,4	31,9	76,8	62,1	11,9	24,0	5,7
C. A Mancha	984,2	130,3	370,8	299,8	55,8	110,0	17,5
C. León	716,7	99,7	208,0	263,7	48,0	80,8	16,5
Cataluña	2.237,2	272,4	851,9	664,8	100,0	292,8	55,4
C. Valenciana	1.611,0	216,0	588,7	471,3	142,6	160,3	32,1
Extremadura	419,6	66,7	116,9	137,6	34,1	53,3	11,1
Galicia	1.072,8	147,9	461,0	240,4	108,9	94,2	20,4
Madrid	1.840,9	299,4	600,1	593,6	97,6	194,7	55,4
Murcia	444,3	67,6	136,3	141,3	44,4	42,6	12,1
Navarra	197,1	29,3	70,4	59,6	13,0	21,7	3,0
País Vasco	768,4	111,3	261,7	227,5	61,1	94,2	12,7
A Ríoxa	106,4	13,0	40,8	34,8	6,4	8,9	2,5
Ceuta	25,3	4,6	4,4	9,5	2,1	2,5	2,3
Melilla	24,4	4,7	4,5	9,1	1,6	3,6	0,9

(1) A categoría “Outra situación” inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2008

Para finalizar podemos facer unha breve análise da situación dos “inactivos” no resto das comunidades Autónomas

Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2008
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma

■ Cadro 4.53

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores da casa	Incapacitado permanente	Perceptor de pensión distinta da de xub. Ou prexub.	Outras situacións ⁽¹⁾
Total	100,0	14,5	33,9	30,9	7,0	11,2	2,5
Andalucía	100,0	15,9	28,5	33,4	7,7	11,4	3,2
Aragón	100,0	13,6	37,2	30,5	6,4	11,3	1,0
Asturias	100,0	12,2	39,5	25,7	9,1	11,7	2,2
Baleares	100,0	13,7	34,2	32,7	4,7	11,6	3,0
Canarias	100,0	18,3	24,0	34,6	7,8	12,2	3,0
Cantabria	100,0	15,0	36,2	29,2	5,6	11,3	2,7
C. A Mancha	100,0	13,2	37,7	30,5	5,7	11,2	1,8
C. León	100,0	13,9	29,0	36,8	6,7	11,3	2,3
Cataluña	100,0	12,2	38,1	29,7	4,5	13,1	2,5
C. Valenciana	100,0	13,4	36,5	29,3	8,8	10,0	2,0
Extremadura	100,0	15,9	27,9	32,8	8,1	12,7	2,6
Galicia	100,0	13,8	43,0	22,4	10,1	8,8	1,9
Madrid	100,0	16,3	32,6	32,2	5,3	10,6	3,0
Murcia	100,0	15,2	30,7	31,8	10,0	9,6	2,7
Navarra	100,0	14,8	35,7	30,3	6,6	11,0	1,5
País Vasco	100,0	14,5	34,1	29,6	7,9	12,3	1,6
A Rioxa	100,0	12,2	38,4	32,7	6,0	8,4	2,4
Ceuta	100,0	18,3	17,3	37,5	8,1	9,7	9,0
Melilla	100,0	19,2	18,4	37,5	6,5	14,7	3,7

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2008

■ Ao igual que o ano anterior, Galicia segue sendo a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados e prexubilados" 43% (43.5% en 2007 e 41,7% en 2006), seguido de Asturias 39.5%. A media Nacional é de 33,9% (33.2 en 2007)

■ No grupo de "estudantes" a porcentaxe de Galicia 13.8% (14.9% en 2007) é inferior ao resto das comunidades autónomas (España 14,5)

■ A porcentaxe de inactivos no grupo de "labores do fogar" segue sendo o mais baixo do total de España e con tendencia a diminuír 22,4% (22.4% en 2007, 22.6% en 2006 en Galicia, 23,0 en 2005) e 30,9% en España en 2008 (31.6% en 2007) e en Asturias 25.7%.

■ No ano 2008 aumentou o % de "incapacitados permanentes" pasando a un 10.1% (8.4% en 2007). Volve ser á comunidade con maior % de inactivos nesta categoría (España 7%), seguido da Rexión de Murcia (10%) e do Principado de Asturias (9.1%).

Por idade destaca:

■ A maior porcentaxe de inactivos dáse nos maiores de 65 anos co 52,6% (47,2% en España). Aragón é a comunidade coa porcentaxe mais alto neste tramo de idade (54,8%) e Ceuta é a que o ten máis baixo (29,7%)

■ Séguenlle os pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 16,2% (16,1% en España). País Vasco é a comunidade que ten un maior número de inactivos neste tramo de idade (18,6%) e Ceuta a que menos (12,6%)

■ En Galicia en menor porcentaxe de inactivos por grupo de idade atópase no intervalo de 25 a 34 anos co 5,0% (6,3 en España). País Vasco é a comunidade cunha porcentaxe mais baixo neste tramo (3,9%) e Ceuta a comunidade co % máis alto (12,4%).

Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2008
Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma

■ Cadro 4.54

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e máis anos
Total	100,0	8,5	5,7	6,3	7,3	8,8	16,1	47,2
Andalucía	100,0	9,2	6,1	8,2	9,0	10,6	16,4	40,4
Aragón	100,0	7,5	5,5	4,4	5,4	7,0	15,4	54,8
Asturias	100,0	6,1	4,8	4,9	5,9	10,6	17,8	50,0
Baleares	100,0	9,9	6,0	6,3	7,7	9,4	15,6	45,1
Canarias	100,0	10,4	6,7	9,4	10,1	10,8	15,9	36,8
Cantabria	100,0	8,1	6,0	6,4	6,8	9,0	16,3	47,4
C. A Mancha	100,0	7,2	5,5	4,8	5,8	8,0	15,0	53,8
C. León	100,0	8,7	5,3	6,8	8,2	9,3	14,0	47,8
Cataluña	100,0	8,2	5,0	5,7	6,5	7,5	15,5	51,7
C. Valenciana	100,0	8,2	5,2	6,4	7,9	9,2	16,2	47,0
Extremadura	100,0	8,9	6,2	7,0	7,5	9,1	14,7	46,6
Galicia	100,0	7,2	5,7	5,0	5,3	8,0	16,2	52,6
Madrid	100,0	9,4	6,4	5,6	7,0	7,4	17,0	47,2
Murcia	100,0	9,3	5,9	8,9	9,5	9,8	14,7	41,9
Navarra	100,0	8,7	5,6	5,2	5,5	6,9	17,6	50,5
País Vasco	100,0	7,5	5,5	3,9	6,1	7,9	18,6	50,5
A Rioxa	100,0	8,4	5,6	4,8	6,1	8,8	15,6	50,6
Ceuta	100,0	10,6	10,8	12,4	13,1	10,8	12,6	29,7
Melilla	100,0	12,4	6,8	11,7	9,1	11,4	13,5	34,9

(1) A categoría "Outra situación" inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar

Datos en miles

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2008